

## **PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL PARA MAIORES DE 20 ANOS 2018. Resolución do 9 de xaneiro de 2018 ( DOG 23 de xaneiro de 2018).**

### **↪ REQUISITOS PARA INSCRIBIRSE NAS PROBAS:**

- a) Ser maior de 20 anos ou cumprir esa idade no ano 2018.
- b) Non estar en posesión do título de bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
- c) Non estar a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou réximes (presencial, semipresencial ou telemática) nin ter estado matriculado nesas ensinanzas no curso escolar 2017/18.

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

Os aspirantes poderán matricularse dos dous exercicios que integran a proba ou dun deles.

Poderanse matricular tamén na proba, para realizar o exercicio correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II e ás materias xerais do bloque de materias troncais, as persoas aspirantes que teñan superadas as materias xerais e as materias troncais de opción propias da modalidade de Artes.

### **↪ FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

- **Cando se presenta a solicitude de inscrición?** O prazo de presentación das solicitudes será entre o 23 de febreiro e o 9 de marzo de 2018.
- **Onde se presentan as solicitudes?** As solicitudes de inscrición deberán presentarse en soporte de papel, na secretaría do Centro EPA de Albeiros, parque da Milagrosa, s/n. Lugo
- **Cando se celebra a proba?** A proba realizarase o día 20 de abril de 2018 en sesións de mañá e tarde no IES San Clemente de Santiago de Compostela.

### **↪ DATA E HORARIO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS**

As probas terán lugar o día 20 de abril de 2018, no IES SAN CLEMENTE de Santiago de Compostela.

### **↪ ESTRUCTURA DA PROBA.**

A proba organizarase de xeito diferenciado segundo as modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.

A proba constará de dous exercicios: o primeiro deles terá unha duración de cinco horas e trinta minutos e o segundo, de tres horas e trinta minutos. Entre os dous exercicios haberá un descanso de dúas horas.

❖ **Primeiro exercicio: será común a todas as modalidades de bacharelato e constará de catro partes.**

- Lingua Galega e Literatura I e II.** Incluirá cuestións que medirán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e recoñecemento das características textuais. Tamén conterá preguntas sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura galega, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica da persoa aspirante.
- Lingua Castelá e Literatura I e II.** Incluirá cuestións que medirán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e recoñecemento das características textuais. Tamén conterá preguntas sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura en lingua castelá, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica da persoa aspirante.
- Primeira Lingua Estranxeira I e II.** A partir dun texto ou textos propostos, a persoa aspirante deberá demostrar as súas capacidades de comprensión e expresión escritas na lingua obxecto de exame, que poderá ser inglés ou francés.
- Resposta por escrito a unha serie de cuestións relativas aos contidos das materias de Filosofía e Historia de España.**

❖ **Segundo exercicio: terá un carácter diferenciado en función da modalidade escollida, versará sobre as materias troncais xerais propias e as materias troncais de opción correspondentes a cada modalidade e itinerario.**

Avaliará o logro dos obxectivos propios do bacharelato e a adquisición das destrezas básicas das materias de modalidade, como a comprensión de conceptos, o manexo da linguaxe científica, a resolución de problemas e as capacidades de analizar, relacionar e sintetizar.

**Estruturarase en tres partes.**

- Primeira parte: materias troncais xerais propias de cada modalidade.**
  - **Modalidade de Ciencias:** Matemáticas I e II.
  - **Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais:** segundo o itinerario escollido, realizaranse as probas das materias de Latín I e II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II.
- Segunda parte: probas das materias troncais de opción.**

- **Modalidade de Ciencias, escoller unha entre as seguintes opcións:** Física e Química e Física, Física e Química e Química ou Debuxo Técnico I e II.
- **Modalidade e itinerarios de Humanidades e Ciencias Sociais,** seleccionar unha opción entre Economía e Economía da Empresa ou Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía.

**Terceira parte: probas de materias troncais de opción de modalidade.**

- **Modalidade de Ciencias, elixir unha opción entre** Bioloxía e Xeoloxía e Bioloxía ou Bioloxía e Xeoloxía e Xeoloxía.




**Modalidade e itinerarios de Humanidades e Ciencias Sociais seleccionar unha opción** entre as materias de Grego I e II, Literatura Universal e Historia da Arte ou Literatura Universal e Historia da Filosofía.

 **NORMAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS**

Entre as 8:15 e as 8:30 horas realizarase o chamamento para o acceso aos espazos de realización da proba. Os aspirantes identificaranse debidamente con DNI ou pasaporte antes de entrar neles.


- ❖ **SESIÓN DE MAÑÁ: Duración 8:30-14:30.** Dedicarase á realización do exercicio correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II e ás materias xerais do bloque de materias troncais. Organizarase en dous períodos

**Organizarase en dous períodos:**

-  **Primeiro, das 8:30 ás 11:30 horas:** realizaranse os exames correspondentes ás materias de Lingua Galega e Literatura (I e II) e Lingua Castelá e Literatura (I e II). Ao comezo deste período, o tribunal repartirá entre os aspirantes os exames correspondentes a ambas as dúas linguas, para que estes dosifiquen o tempo dispoñible de acordo coas súas preferencias.
-  **Segundo período, das 12:00 ás 13:30 horas:** realizaranse os exames correspondentes a Lingua estranxeira (I e II) e cuestións de Filosofía e Historia de España. Igualmente, ao comezo deste período, o tribunal repartirá entre os aspirantes os dous exames para que estes dosifiquen o tempo dispoñible de acordo coas súas preferencias.
-  **Terceiro período, das 13.30 ás 14.30 horas:** resposta por escrito a cuestións de Filosofía e Historia de España.

- ❖ **SESIÓN DE TARDE: Examen materias propias de cada modalidade. Duración 16:30 ás 20:30.**

**Organizarase en tres períodos:**

-  **Primeiro, das 16.30 ás 18.00 horas:** realizarase a parte ou exame correspondente ás **materias troncais xerais** propias da modalidade e itinerario seleccionado..
- **Modalidade de Ciencias:** Matemáticas I e II.

- **Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais:** segundo o itinerario escollido, realizaranse as probas das materias de Latín I e II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II.
  
- ✚ **Segundo, das 18.00 ás 19.00 horas:** realizarase a parte segunda das probas de modalidade, correspondente as **materias troncais de opción**. Os aspirantes escollerán unha entre as dúas opcións sinaladas para esa segunda parte na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais ou unha entre as tres opcións da modalidade de Ciencias.
  - **Modalidade de Ciencias, escoller unha entre as seguintes opcións:** Física e Química e Física, Física e Química e Química ou Debuxo Técnico I e II.
  - **Modalidade e itinerarios de Humanidades e Ciencias Sociais,** seleccionar unha opción entre Economía e Economía da Empresa ou Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía.
  
- ✚ **Terceiro, das 19.30 ás 20.30 horas:** realizarase a parte terceira do exercicio correspondente ás materias **troncais de opción de modalidade**. Os aspirantes escollerán unha entre as tres opcións sinaladas para a terceira parte na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais ou unha entre as dúas opcións sinaladas para a modalidade de Ciencias.
  - **Modalidade de Ciencias, elixir unha opción entre** Bioloxía e Xeoloxía e Bioloxía ou Bioloxía e Xeoloxía e Xeoloxía.
  - **Modalidade e itinerarios de Humanidades e Ciencias Sociais seleccionar unha opción** entre as materias de Grego I e II, Literatura Universal e Historia da Arte ou Literatura Universal e Historia da Filosofía.

## ✚ **MATERIAIS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS.**

Os aspirantes poderán utilizar os seguintes **materiais na realización da proba:**

- a) Nas materias que implican operacións numéricas (exames con contidos de Matemáticas, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, Física e Química, Física, Química, e Economía) poderán utilizar unha calculadora científica, agás as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.
- b) Nas materias de Latín e Grego, dicionario desas linguas.
- c) Na materia de Debuxo Técnico, portaminas ou lapis, goma, regra milimetrada, escuadro, cartabón e compás.

Os aspirantes non poderán utilizar durante a realización da proba teléfono móbil nin calquera outro dispositivo de almacenamento ou transmisión de datos.

## ✚ **Validación de exercicios da proba por grupos de materias superadas no bacharelato**

Primeiro exercicio: Lingua Galega e Literatura I e II e materias troncais xerais	
Materias xerais superadas no bacharelato	Validación na proba
Lingua Galega e Literatura I e II, Lingua Castelá e Literatura I e II, Primeira Lingua Estranxeira I e II, Filosofía, Historia de España.	Primeiro exercicio: Lingua Galega e Literatura I e II e materias troncais xerais.

Segundo exercicio: materias xerais propias e materias troncais de opción de cada modalidade. (As persoas aspirantes que teñan superada unha materia doutra modalidade diferente á elixida deberán ter superadas dúas materias de 2º curso da modalidade elixida).			
Humanidades e Ciencias Sociais		Ciencias	
Materias superadas	Validación na proba	Materias superadas	Validación na proba
As materias xerais propias da modalidade e itinerario elixidos:		As materias xerais propias da modalidade	
HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	- Matemáticas I. - Matemáticas II.	Segundo exercicio
- Latín I e II.	- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II.		
E catro destas materias (dúas de primeiro curso e dúas de segundo curso): - Economía. - Grego I. - Historia do Mundo Contemporáneo. - Literatura Universal. - Economía da Empresa. - Grego II. - Xeografía. - Historia da Arte. - Historia da Filosofía.			
		E catro destas materias (dúas de primeiro curso e dúas de segundo curso): - Bioloxía e Xeoloxía. - Debuxo Técnico I. - Física e Química. - Bioloxía. - Debuxo Técnico II. - Química. - Física. - Xeoloxía.	

**ANEXO III**  
(segunda parte)

<b>ARTES</b>	
Materias superadas	Validación na proba
As materias troncais xerais propias da modalidade: - Fundamentos da Arte I. - Fundamentos da Arte II.	Segundo exercicio.
E catro destas materias (dúas do primeiro curso e dúas do segundo curso): - Cultura Audiovisual I. - Historia do Mundo Contemporáneo. - Literatura Universal. - Artes Escénicas. - Cultura Audiovisual II. - Deseño.	

ANEXO III  
(terceira parte)

**Validación do bloque de materias comúns e de modalidade da proba libre de bacharelato para persoas maiores de 20 anos ata o ano 2016 por bloques de materias xerais e de modalidade superadas a partir do ano 2017**

Materias superadas	Validación na proba
Bloque de materias comúns superadas na proba libre de bacharelato ata 2016	Primeiro exercicio
Bloque de materias de modalidade superadas na proba libre de bacharelato ata 2016	Segundo exercicio

 **ENLACES DE INTERÉS:**

<http://www.edu.xunta.es/web/node/1238>. Neste enlace podes descargar o formulario para a inscrición nas probas, descargar exames de anos anteriores...

En Monterroso a 29 de xaneiro de 2018.  
A xefa do Departamento de Orientación